

SRA. CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
XUNTA DE GALICIA

Ao amparo do disposto no artigo 1.1.a) e 3.1.a), c) e d) da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, así como do disposto no artigo 26 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, EXPOÑEMOS:

Que no condicionado da Declaración de Impacto Ambiental do Encoro de Caldas de Reis, aprobada por Resolución de 11 de xuño de 1996 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (DOG nº 122, de 21/06/1996), regúlase o programa de seguimento e vixilancia, dentro do cal deberá emitirse, entre outros, un informe especial cando se presenten circunstancias ou sucesos excepcionais que impliquen deterioros ambientais ou situacións de risco, tanto na fase de construción como na de funcionamento.

Que o río Umia atópase nunha situación de excepcionalidade ó punto de terse decretado polas autoridades autonómicas o nivel de alerta polo mal estado da auga.

Polo todo o cal SOLICITAMOS:

Que dentro do prazo máximo dun mes establecido no artigos 10.2.c) da Lei 27/2006 e 27 da Lei 1/2016, se nos facilite, en formato papel, o informe especial a que se refire o condicionado da DIA antes citada.

En Caldas de Reis, a 22 de novembro de 2018

Paloma Fernández Nogueira

José Luis Boga Fernández

Mª Teresa Devesa Vila

Mª Emilia Domínguez Baltar

José Domínguez Baltar

Mª Dolores Ramos Vila

Enderezo postal: Rúa José Salgado 4,2º - 36650 Caldas de Reis (Pontevedra)